

**Nota de prensa
do SLG**

19-01-2010

O SLG continúa na loita contra as patentes Non á Monsantoización das plantas e os animais de granxa

O Sindicato Labrego Galego asinou onte o **Manifesto Global contra as patentes sobre sementes e animais convencionais**¹, en apoio á campaña mundial na contra das patentes e da privatización da alimentación.

Dende hai anos vimos denunciando estas manobras e a nosa fonda preocupación diante da crecente monopolización de sementes e animais de granxa mediante patentes.

A perda da nosa independencia e o crecente endebedamento das labregas e labregos, canda a diminución da diversidade vexetal e animal e as cada vez maiores restricións ás actividades de cultivo, cría e investigación son algúns dos impactos máis preocupantes desta tendencia.

Mais a pesares destas experiencias alarmantes aínda non existen medidas legais para deter esta tendencia.

Ao contrario, un estudo² recente sobre solicitudes presentadas ante a Organización Mundial da Propiedade Intelectual (OMPI), amosa que as grandes empresas internacionais de sementes seguen tentando impoñer as súas reivindicacións de monopolio sen atender en absoluto ás consecuencias para a seguridade alimentaria global e o sustento dos labregos e labregas do mundo enteiro.

Isto resulta obvio ao analizar as máis recentes solicitudes de patente, presentadas polas tres empresas globais de sementes máis grandes Monsanto (EE.UU.), Dupont (EE.UU.) e Syngenta (Suíza).

Estas solicitudes amosan a tendencia crecente a **esixir dereitos de propiedade exclusivos non soamente sobre plantas e animais modificados xeneticamente, senón tamén sobre a biodiversidade existente e os métodos de cultivo e de crianza tradicionais.**

Mentres que nos anos anteriores ao 2005 presentáronse somentes algunhas poucas patentes desta índole, máis do 30% das solicitudes de patentes de Monsanto presentadas entre o 2005 e o 2009 incluíron métodos de cultivo convencionais.

Esta tendencia tamén se pode observar noutras grandes empresas de sementes. O seu obxectivo é bloquear o acceso aos recursos xenéticos e á tecnoloxía e crear unha nova dependencia para os labregos e labregas do planeta.

As regulacións sobre patentes da UE, os EE.UU. e moitos outros países, así como tamén os chamados Acordos Trips da OMC, deben ser revisados con urxencia para **poñer couto á monopolización e ao control empresarial dos recursos xenéticos do mundo.**

Esta revisión debería conducir a **unha regulación que garanta o dereito á alimentación e a prohibición de patentes sobre plantas e animais da granxa.** Esta clase de patentes son a columna vertebral dunha **estratexia para asumir o control global sobre a produción alimentaria a todos os niveis.**

O SLG, súmase ao chamamento aos gobernos e ás oficinas de patentes para poñer couto a este desenvolvemento preocupante e para que sexan revisadas as regulacións sobre patentes existentes.

En tan só catro anos, entre o 2005 e o 2009, Monsanto presentou case 150 solicitudes de patentes sobre cultivo de plantas ante a OMPI. Durante o mesmo período, Dupont presentou ao redor de 170 solicitudes de patentes sobre cultivos, o 25% delas implicaron métodos de cultivo convencionais. Syngenta presentou unhas 60 solicitudes, o 50% delas centradas en cultivos tradicionais.

Entre as grandes empresas de sementes, **Monsanto é a única que tamén presenta patentes sobre animais de granxa.** Dende o 2005, ao redor de 20 patentes sobre métodos de cría foron presentadas pola empresa estadounidense.

De seguido abordaremos exemplos que amosan até que extremo estanse a levar algunhas solicitudes de patentes. Moitas das reivindicacións presentadas nestas solicitudes somentes poden ser descritas como absurdas, consecuencia dunha regulación sobre patentes totalmente deficiente:

- Na solicitude de patente de *Monsanto WO2008021413*, 'a patente que Monsanto reivindica o millo e a soia', reivindícanse métodos que se utilizan amplamente no cultivo e a cría convencional. En máis de 1000 páxinas e a través de 175 reivindicacións, Monsanto reivindica varias secuencias de xenes e variacións xenéticas, especialmente en soia e millo.

Monsanto mesmo vai tan lonxe e esixe explicitamente todas as plantas relevantes de millo e soia que conteñen eses elementos xenéticos. Ademais lístanse todas as utilizacións en alimentos, pensos e biomasa. A través da presentación de solicitudes rexionais específicas, Monsanto mostra un interese especial en solicitar esta patente en Europa, Arxentina e Canadá.

- Na solicitude de patente *WO 2009011847*, 'a patente que Monsanto reivindica a carne e o leite', Monsanto reivindica amplamente os métodos de cría de gando, os animais, así como tamén "o leite, o queixo, a manteiga e a carne".

- Outras empresas tamén están a presentar de forma agresiva solicitudes sobre recursos xenéticos, necesarios para a produción de alimentos e pensos. Un exemplo é a solicitude de patente *WO2008087208*, "a patente de Syngenta sobre a colleita de millo", que se concentra nas condicións xenéticas do millo para a produción de grans. Syngenta reivindica as plantas e mesmo a súa colleita.

- Varias patentes similares xa foron concedidas, como a patente sobre o cultivo de soia, como a *WO 98/45448*, 'a patente de Dupont, sobre tofu', outorgada en Australia, Europa e os EE.UU. que abrangue a salsa de soia, o tofu, o leite de soia e un preparado para biberón desta soia. Esta patente (ou patentes da mesma familia) tamén foi presentada para o Brasil, Canadá, China, Xapón, Noruega e Nova Zelandia.

Non obstante, a resistencia a estas estratexias privatizadoras da produción de alimentos está a aumentar. No 2007, as organizacións de agricultores e as ONG do mundo enteiro crearon a plataforma global **Non ás patentes sobre sementes**. (<http://www.no-patents-on-seeds.org>).

No 2008, centos de cartas foron enviados á Oficina Europea de Patentes (OEP) no 'caso da patente sobre brócoli', EP 1069819, o constituíndo un precedente.

No 2009, miles de agricultores/as e cidadás/ns, ONG e mesmo autoridades gobernamentais presentaron unha oposición á 'patente europea sobre a cría de porcos', EP 1651777, unha patente solicitada por Monsanto no 2004.

O Sindciato Labrego Galego, canda as persoas, organizacións e institucións que asinamos³ o **Manifiesto Global contra as patentes sobre sementes e animais convencionais** instamos aos políticos/as e ás oficinas de patentes do mundo enteiro a **asegurar que as patentes como as arriba mencionadas non poidan ser e non sexan outorgadas.**

Precisamos dun cambio radical tanto na lexislación sobre patentes como tamén na práctica das oficinas de patentes para eliminar as patentes sobre plantas e animais de granxa.

Non se debe permitir que as empresas continúen usando mal e monopolizando as sementes, plantas e animais de granxa por medio da lei de patentes.

No caso contrario, estas patentes converteranse nun perigo maior para a seguridade alimentaria e para a soberanía alimentaria rexional.

O manifesto asinado será entregado aos gobernos e ás oficinas de patentes o 26 de marzo de 2010 .

Non ás Patentes sobre Sementes.

1. Adxunta a versión en galego neste correo,

2. Adxunto neste correo: The future of seeds and food.

3 Listado de organizacións asinantes:

http://www.no-patents-on-seeds.org/index.php?option=com_content&task=view&id=93&Itemid=56

Moitas grazas pela vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Charo Sánchez Parga, Secretaria de Medioambiente, Terra e Montes,

TLF: 669 651 700